



# XLV CONCURSO DO TRAXE TRADICIONAL GALEGO NO DIA DO TRAXE

## NORMAS DE ORGANIZACIÓN DO CERTAME

As persoas que soliciten participar no concurso de traxes comprométense a acatar estas normas e quedarán automaticamente descualificadas en caso contrario.

### 1. PRESENTACIÓN

As persoas concursantes quedan citadas o domingo 21 de xullo na sede do Museo do Pobo Galego, en San Domingos de Bonaval, para que o xurado poida examinar os traxes, cos seguintes horarios:

**16.00 h categoría de homes, agás os nenos**

**16.30 h categoría de mulleres, agás as nenas**

**17.30 h grupos de dez ou máis persoas**

**18.00 h Nenas e nenos**

O Museo do Pobo Galego cederá unha sala para que as persoas concursantes a utilicen como vestiario se así o precisan.

A secretaría do concurso **irá chamando as persoas inscritas por rigorosa orde alfabética no horario indicado para cada grupo**. O chamamento será único, polo que non se admitirá a participación de persoas que fosen chamadas e non se presentasen nese momento no salón de actos do Museo do Pobo Galego.

Segundo se vaian presentando, iráselles dando unha tarxeta cun número, que deberán conservar durante todo o tempo ata que remate o certame coa entrega de premios na praza da Quintana.

As persoas participantes poderán, se así o desexan, estar acompañadas por outra que poida explicar datos do traxe presentado, pero só por requirimento do xurado.

As persoas concursantes que precisen ou desexen estar no salón de actos deberán gardar silencio para facilitar os chamamentos e para que o xurado poida examinar os traxes. Poderán ser expulsadas da sala e eliminadas do concurso se non cumpren con esta norma.

Do mesmo xeito, non se permitirán ruídos, conversas ou calquera alteración da orde no exterior do salón de actos se afecta ao desenvolvemento ordenado e tranquilo do proceso de exame dos traxes por parte do xurado.

O xurado avaliará os traxes e poderá preguntar calquera cuestión referente a eles e á súa documentación.

Rematada a avaliación dos traxes presentados a concurso, o xurado deliberará en sesión pechada e redactará unha acta para recoller as decisións adoptadas, que será asinada por todas as persoas que o forman. A acta será lida pola persoa que desempeña a secretaría do certame, na praza da Quintana, onde ao tempo que se coñecen os premios se irán entregando ás persoas que os acadaron.

## **2. SESIÓN FOTOGRÁFICA**

Unha vez examinados os traxes polo xurado, as persoas participantes serán acompañadas á sesión fotográfica por un membro da Asociación do Traxe Galego, comprobarase que teñen enviado coa solicitude o seu consentimento de ceder os dereitos de imaxe dos traxes e pezas que portan. No caso de non telo terán que asinalo.

Non asinar esta autorización suporá renunciar á participación no concurso.

## **3. DESFILE DENDE O MUSEO DO POBO GALEGO**

Todas as persoas concursantes deberán participar no desfile que terá o seu punto de saída na rúa de Bonaval, ás 19.00 h, respectando a orde seguinte:

1. Encabezan o desfile un grupo de gaitas
2. Seguirán ao grupo de gaitas todas as persoas que o desexen, sempre que vaian vestidas con traxes tradicionais e fagan o percorrido de dúas en dúas.
3. Tras eles as nenas e os nenos que participen no concurso, de dous en dous
3. Tras as persoas do punto anterior seguirán as persoas participantes adultas, tamén de dúas en dúas.
5. Pecha o desfile outro grupo de gaitas.

## **4. PARTICIPACIÓN NA PASARELA E RECOLLIDA DE PREMIOS NA PRAZA DA QUINTANA**

O desfile entrará na praza da Quintana pola rúa da Conga e dará unha volta á praza, pasando polo muro do convento, as escaleiras da Quintana e a Porta Santa para chegar aos asentos reservados para as persoas participantes, que deberán atender as indicacións do persoal encargado do protocolo para subir á pasarela para lucir os traxes e posteriormente recoller os premios se é o caso.

Entregados todos os premios, o acto pecharase coa interpretación do himno galego.

## **5. DESCUALIFICACIÓN**

O incumprimento destas normas suporá a descualificación inmediata das persoas participantes.